

## Á luz dun lume chamado avó

Manuel Guede Oliva  
Director do CDG

Digo eu que non habería de lle contrariar a Carlos Casares que esta fantasía teatral que el titulou “As laranxas máis laranxas de todas as laranxas” decidisemos nós denominala disparate dramático e nos atrevesemos a inscribir, coa mesma, unha nova entrada no dicionario de termos teatrais. Teño esa certeza porque el mesmo así o deixou considerado en entrevista que lle concedeu a Maribel Outeiriño, alá, en abril de mil novecentos setenta e tres Afirmaba el que esta peza era “un disparate continuo de movemento e de fantasía”. Claro que a palabra *disparate* era un recurso que Carlos adoitaba usar cun aquel de querencia polisémica. E tanto é así que estou por apostar que cando o amigo limiao ría a cachón é que estaba a rir un disparate.

Porque se as cousas dan en adquirir unha dimensión desmesurada: “*ovos xegantes, laranxas enormes, cans que falan e que se ruborizan, señores que se poñen verdes de non comer ou que disparan unha escopeta e saen voando...*”, daquela, as cousas merecen esa condición de absurdo e de fantástico, de lúdico *nonsense* e de sonoro trasacordo, acaso tan antigo que se perda naquel río lendario de onde María Castaña bebía os contos que saciaron a sede da nosa infancia. Debía de ser, entón, esta, a acepción adecuada que lle aplicásemos aquí á voz *disparate*.

Os nenos, todos os nenos, entréganse con máis entusiasmo a inventar os seus recintos de realidade, dándolle voltas de parafuso ao real ata construír o seu propio espazo verosímil, que aceptar un irreal alleo, un relato alleante e decote cargado de rancia moralina. Hai un xeito atroz de ser neno: non selo.

Carlos Casares, neno que foi por terras de Limia, en tempos de fame e de posguerra, non forneceu o seu imaxinario de fadas cursis e princesas ridículas, senón de historias heróicas e aventuras asombrosas, da man, da boca, do seu avó Herminio.

As páxinas da infancia, as únicas que se logran, finalmente, salvar do naufraxio da vida, impregnarán a vida e a literatura de Carlos Casares e, xa que logo, comparecerán tamén, en *As laranxas máis laranxas de todas as laranxas*, propoñéndolle á literatura infantil galega unha paisaxe fundacional alonxada de tufos maniqueos.

Teño para min que, máis que buscar referencias intertextuais na historia da literatura dramática infantil e pescudar polo miúdo as súas influencias nesta obra, a fonte nutricia das laranxas habería que situala á luz dun lume chamado avó ou nos altos solares de Beiro.

Contoulle Carlos Casares a Ramón Loureiro que aos quince anos tiña rematado catro ou cinco obras de teatro que chegaron a representarse. Mágoa que no Seminario Menor de Ourense, alá por Ervedelo, non quedase memoria do suceso! Pero o suceso fala, con meridiana elocuencia, dunha precoz vocación dramaturxica. Infelizmente, Carlos non frecuentaría este

escenario na súa produción literaria, pero o que si nos consta é que sempre foi un home interesado pola travesía do teatro galego. E cando puido, decidiu comprometerse con el.

A pesar da discreción coa que Casares soubo conducirse na vida moitos sabemos que o teatro galego ten contraída unha débeda impagable con quen foi Presidente do Consello da Cultura Galega : a Escola Superior de Arte Dramática de Galicia ten nel unha das columnas principais da súa existencia.

O noso recoñecemento e a nosa admiración.